

BASES DOS PREMIOS INTERNACIONAIS DE ARQUITECTURA CUBERTAS TEJAS VEREA

01 Presentación:

Os *Premios Internacionais de Arquitectura Cubertas Tejas Vereas* é un certame dirixido a profesionais da arquitectura para distinguir obras realizadas con tellas cerámicas fabricadas por Vereas que se desenvolve en colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

O premio terá un carácter bianual.

02 Convocatoria do Premio:

Convócase a primeira edición dos *Premios Internacionais de Arquitectura Cubertas Tejas Vereas 2021* para distinguir aquelas obras finalizadas entre XANEIRO DE 2018 A DECEMBRO DE 2020 con cuberta inclinada de tella cerámica valorando positivamente aquelas que foran instaladas utilizando o *Vereas System*.

- Categorias:
 - Obra nova
 - Rehabilitación
- Premios:
 - Obra nova: 3.000 euros
 - Rehabilitación: 3.000 euros

Difusión: farase difusión da convocatoria deste premio na páxina web de Tejas Vereas así como nos medios de comunicación, Colexios Oficiais de Arquitectos e blogs de arquitectura.

03 Condicións de participación:

- Poderán participar profesionais, arquitectos superiores ou técnicos colexiados que desenvolvan a súa actividade por conta propia, en empresas privadas ou en institucións públicas tanto en España como no estranxeiro, así como as sociedades profesionais de arquitectura ou arquitectura técnica.
- Poderán optar ao Premio obras de nova planta de uso público ou privado, reformas e rehabilitacións en espazos públicos urbanos.
- As obras deberán utilizar na cuberta tella cerámica Vereas e valorarase positivamente que fora colocada segundo o sistema de instalación *Vereas System (DIT 622/16)* ou *Verealine System (DIT 590R/18)*.

04 Presentación das candidaturas:

Poderanse presentar a estes premios as obras rematadas entre XANEIRO DE 2018 E DECEMBRO DE 2020. O prazo límite para a inscrición e presentación da documentación é o venres 17 de setembro de 2021, antes das 24.00 horas.

Se existe algunha modificación do prazo de presentación das candidaturas comunicarse a través da páxina web de Tejas Vereas. A decisión do xurado farase pública no mes de novembro de 2021.

Calquera anomalía será comunicada para a súa emenda e no caso de que non se realice nun prazo de 3 días, a candidatura considerárase descartada.

05 Inscrición e documentación da obra a presentar:

A inscrición realizarase a través da páxina web de Tejas Vereas: (*habilitarase un apartado específico*) na que se terán que cubrir os seguintes apartados:

- Título da obra
- Ubicación/Localización da obra
- Data de finalización
- Autor/es: nome e apelidos do autor/es
- Datos de contacto do autor/es: DNI, dirección postal, teléfono, mail
- (Se procede) Datos de contacto da empresa
- Categoría á que se presenta (Dúas opcións para marcar: Obra nova ou Rehabilitación)
- Modelo de tella empregado (modelo e acabado)
- Dimensións da cuberta
- Utiliza Vereas System (Si/Non)
- Breve descrición do concepto da obra. Texto Word, máximo 500 palabras (opción de subir arquivo axunto)
- Fotografías (5 fotografías máximo). Formato JPG
- Planos básicos de definición do proxecto (mínimo 2 alzados e unha planta). Formato PDF. Ambos cunha resolución de 300 dpi. Procurarase que estes teñan un tamaño razoable (non maior de 5MB)
- Autorización firmada para a cesión de datos persoais, dereitos das imaxes e da información da obra. (De conformidade co que establece a lexislación vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que os datos persoais que nos facilite a través de dito formulario serán tratados por Tejas Vereas, S.A.U., co fin de facelo/a participe na convocatoria dos Premios de Arquitectura organizados pola mesma. Os datos proporcionados conservaranse durante o proceso de validación dos participantes e o outorgamento do premio. Para máis información consultar a política de privacidade. Aceptación da política de privacidade de Tejas Vereas, S.A.U. e as bases dos premios e autorización a Tejas Vereas, S.A.U. a usar as fotos e a información facilitada para realizar labores de divulgación dos Premios en redes sociais, páxinas web e medios de comunicación).

06 Xurado e criterios

A Secretaría Técnica do Premio, conformada por un representante de Tejas Vereas e do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, encargárase de comprobar que as candidaturas cumpren as condicións do concurso, previamente á deliberación do xurado.

Calquera anomalía será comunicada para a súa emenda e no caso de que non se realice nun prazo de 3 días, a candidatura considerarase descartada.

A composición do xurado contará coa participación de:

- Representantes de Tejas Vereas
- Un representante do COAG

O xurado terá as seguintes tarefas:

- Reunión de valoración dos proxectos
- Emitirá o fallo por maioría de votos en forma de acta

Valoración dos proxectos:

- Adecuación do uso da tella cerámica ao proxecto arquitectónico
- Boa execución da cuberta e da obra en xeral
- Integración do proxecto nun entorno urbano ou paisaxístico

O fallo do xurado farase público semanas despois de que se peche o período de presentación das candidaturas. Tanto o día de celebración da reunión do xurado, como a decisión do mesmo faranse públicas a través das webs de Vereas, do COAG e dos medios de comunicación.

Non poderá presentarse nin o persoal técnico nin os membros da Xunta de Goberno do COAG, que teñen incompatibilidade na xestión de concursos, segundo acordo tomado ao efecto, pola Xunta de Goberno colexial.

07 Premios:

Concederáse un primeiro premio de 3.000 euros ao gañador/es na categoría de *Obra nova* e outro primeiro premio de 3.000 euros ao gañador/es na categoría de *Rehabilitación*.

O xurado tamén pode outorgar un premio “mención especial”, se así o considera, en recoñecemento a algunha das obras presentadas nas dúas categorías.

Os premios terán as retencións fiscais correspondentes.

O xurado resérvase a facultade de deixar os premios desertos se non acadan o nivel de calidade que o xurado estime necesario.

08 Entrega dos premios:

Para a entrega dos premios organizarase un acto público, no que os gañadores recibirán un talón nominativo e un diploma acreditativo. A data de celebración desta entrega de premios organizarase en colaboración co COAG e comunicarse con suficiente antelación.

09 Aceptación das bases:

Todos os participantes comprométese a aceptar as presentes bases e o fallo do Xurado, que será inapelable. A Secretaría Técnica do premio resolverá calquera dúbida -antes de tres hábiles da presentación das propostas-, no correo electrónico: comunicacion@tejasverea.com ou no teléfono 682 414 402 (Oficina Técnica) sobre a interpretación das bases, así como doutros aspectos relacionados co Premio, que teñan como finalidade a resolución do mesmo. A concorrencia a esta convocatoria implica o coñecemento e total aceptación das súas bases. O incumprimento de calquera cláusula das bases pode ser motivo de exclusión da convocatoria e de retirada, no seu caso, do premio.

10 Protección de datos:

Responsable do tratamento: TEJAS VEREA, S.A. CIF: A15158405 Dir. Postal: LANZA S/N, 15685 - MESÍA (A CORUÑA) Teléfono: 981687053 Correo electrónico: comunicacion@tejasverea.com.

En TEJAS VEREA, S.A. tratamos a información que nos facilita co fin de facerlle participe na convocatoria dos Premios de Arquitectura organizados pola mesma. Os datos proporcionados conservaranse durante o proceso de validación dos participantes e a otorgación do premio ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigacións legais e atender as posibles responsabilidades que puidesen derivar do cumprimento da finalidade para a que os datos foron solicitados, os datos non se cederán a terceiros salvo nos casos en que exista unha obrigación legal, nin se elaborará ningún tipo de “perfil” en base á información facilitada, nin se tomarán decisións automatizadas en base a perfís.

Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, en relación cos datos obxecto do tratamento, #ante o responsable do tratamento na dirección anteriormente mencionada, achegando copia do seu DNI ou documento equivalente.

No caso de que non obtivese satisfacción no exercicio dos seus dereitos, pode presentar unha reclamación #ante a Autoridade de Control en materia Protección de Datos competente, sendo esta a Axencia Española de Protección de Datos, e cuxos datos de contacto están accesibles en <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/vistas/formNuevaReclamacion/reclamacion.jsf>.

11 Propiedade Intelectual e dereitos de terceiros:

Os participantes deberán ser titulares dos dereitos de propiedade intelectual sobre os traballos, proxectos, fotografías e/ou planos presentados, e/ou contar con todos os dereitos e/ou facultades para o uso, reprodución, comunicación e difusión dos mesmos.

Os participantes fanse responsables da documentación facilitada, manifestando que a mesma non infrinxe dereitos de propiedade intelectual nin de imaxe de terceiras persoas, nin calquera outro dereito de terceiros e, así mesmo, exoneran á empresa Tejas Vereas S.A.U., de calquera responsabilidade ao respecto.

Por tanto, o participante responderá directamente ante calquera reclamación, queixa ou demanda de terceiros con relación á vulneración ou infracción dos posibles dereitos que puideran derivarse da documentación entregada ou a consecuencia da presentación da mesma á presente convocatoria mantendo indemne á empresa Tejas Vereas S.A.U.

12 Publicación e difusión.

Os autores das obras ou proxectos participantes autorizan á empresa Tejas Vereas S.A.U., para o uso, distribución, comunicación pública, exhibición, reprodución, publicación e difusión por calquera medio, conxunta ou individualmente, das candidaturas presentadas e toda a documentación e imaxes que a integran, podendo, en consecuencia, aparecer en calquera tipo de soporte, editado, impreso ou dixital, vinculado á empresa Tejas Vereas S.A.U. e a difusión das súas actividades, incluído Internet, e cedendo á empresa Tejas Vereas S.A.U. todos os dereitos de explotación da propiedade intelectual que das publicacións resultantes poidan xerarse, sen limitacións de tipo territorial nin temporal e sen que os cedentes poidan reclamar contra prestación algunha, nin monetaria nin de ningunha outra clase.

Non se poderán empregar os traballos e documentación presentados, salvo acordo e consentimento expreso dos seus autores, para outros fins distintos aos vinculados á publicidade y difusión dos premios e das actividades da empresa Tejas Vereas S.A.U.

DIRECTORIO DE CONTACTOS DE TEJAS VEREA E DO COAG

Por Tejas Vereas, S.A.U.

- **Oficina técnica:** Manuel Vereas. oficina.tecnica@tejasverea.com
682 414 402
Lanzá s/n · Mesía, 15685
www.tejasverea.com

Polo COAG

- **Parte xurídica:** María Malvido Pouse. Xurídica do COAG.
mmalvido@colexiodearquitectos.org 981 552 400
- **Parte técnica:** Alberto Escobar Molinero. Arquitecto da área técnica do COAG. aescobar@colexiodearquitectos.org 981 552 400